

TEMA 4.

Parte 2: A arte gótica

Índice

- 1. Unha arte urbana → páxina 2.**
- 2. A arquitectura gótica → páxina 2.**
- 3. A escultura e a pintura → páxina 3.**
- 4. Obras importantes que recoñecer → páxina 6.**

1. Contexto histórico: unha arte urbana

A **arte gótica** é a arte da **Baixa Idade Media**. Desenvolveuse entre os séculos XII e XV. Igual que a arte románica, o gótico tamén é un **estilo internacional**, xa que se estende por toda Europa, con características similares nos distintos territorios. O gótico orixinouse en **Francia** a mediados do século XII, e no XIII **difúndese** polo resto do continente, a través das **rotas comerciais** e dos **camiños de peregrinación**.

Dende o século XII producíronse unha serie de **cambios** que mudaron a forma de concibir a arte. As transformacións máis importantes déronse na agricultura, e ocasionaron **aumento da poboación e do comercio**. Isto permitiu o **crecemento das cidades** e provocou a necesidade de construír novas edificacións: palacios, universidades, lonxas, concellos, catedrais...

A relixión continúa tendo un papel moi importante na vida da xente, pero a **visión relixiosa do gótico** é moito máis **festiva** cá do Románico. Deixan atrás a imaxe de un Deus xusticeiro ao que hai que temer, e buscan unha **imaxe dun Deus máis humano e próximo**. Así mesmo, as cidades comezaron a **competir** por ter a mellor e máis alta catedral de todas, como mostra do seu poder.


A partir do século XV, a arte gótica irá desaparecendo pouco a pouco, coa chegada das novidades artísticas do Renacemento italiano.



2. A arquitectura gótica

Na arquitectura, o edificio principal do novo estilo é a **catedral**, a grande igrexa da cidade. Ademais dos edificios relixiosos, tamén se desenvolven **edificios de carácter civil**, como: palacios, concellos, lonxas, universidades...

As **catedrais góticas** caracterízanse por:

- As súas **grandes dimensións** e **altura elevada**. Muros máis lixeiros.
- O uso de **vidreiras** de gran tamaño e distintas cores, que crean unha **luz evocadora**.
 - As vidreiras circulares reciben o nome de **rosetóns** pola súa forma de flor (rosa).
- A utilización de **novos elementos construtivos** como:
 - Arcos apuntados ou oxivais
 - Bóvedas de cruzaría
 - Arcobotantes
- Uso de **pináculos** no exterior, que rematan os contrafortes.
- As **fachadas** soen ter **tres portas** que coinciden coas tres naves do interior.
- Planta de **cruz latina** con **transepto curto**.





3. A escultura e a pintura

Igual que no románico, a **escultura e a pintura** seguiron tendo dúas funcións principais: decorar as igrexas (**decorativa**) e transmitir mensaxes relixiosas (**didáctica**). Aínda así, co tempo, foron desenvolvéndose outros temas e funcións non relixiosas.


• ESCULTURA

A escultura gótica foi perdendo o hieratismo e rixidez do románico, volvéndose máis **realista** (nos rostros, nas vestimentas...):

- ♣ Os rostros xa **expresan sentimentos** e amosan un **maior realismo**.
- ♣ As figuras van **perdendo o seu estatismo** e **relaciónanse** entre elas a través de miradas, xestos...
- ♣ As figuras adquiren **movemento**. Para iso, emprégase a chamada curva gótica (consiste na inclinación do corpo e a cabeza, formando unha especie de “S”).

Virxe Branca da Catedral de Toledo (s. XIV).

Nela utilízase a *curva gótica*. A virxe e o neno relaciónanse mediante o xesto e a mirada.





Uta, Catedral de Naumburgo (Alemaña).
Esta escultura inspirou o debuxo da madrastra
de Brancaneves de Disney.



Anxo do sorriso.
Catedral de Reims
(Francia, s. XIII)

• PINTURA

Se ben no románico predominaba a **pintura ó fresco** sobre as paredes das igrexas, no gótico (ó reducirse o espazo dos muros, substituídos por grandes vidreiras) vaise desenvolver tamén a pintura realizada **sobre táboa** (é dicir, sobre un soporte ríxido de madeira).

Os **temas** que se representaban eran principalmente relixiosos, pero comezan a aparecer tamén escenas da vida cotiá, paisaxes e ciudades.

A pintura gótica **caracterízase por**:

- ♣ Un maior **naturalismo** e **realismo** na representación das persoas e as paisaxes.
- ♣ A **representación de sentimentos** nos rostros e xestos das figuras.
- ♣ As **cores** xa non son planas (como no románico): xógase coa **luz** para dar volumen ás figuras.



Escenas da Vida de Cristo. Autor: GIOTTO (s. XIV).




*As moi ricas horas do
duque de Berry.
Miniatura realizada
polos irmáns
Limbourg (s. XV).*



*O matrimonio Arnolfini.
Autor: VAN EYCK (s. XV)*

Así mesmo, durante esta época acadan unha grande perfección as **miniaturas**, pequenas ilustracións moi detalladas que decoran libros e códices.

A apertura dos muros con grandes ventás fixo que fosen as **vidreiras de cores** as que narrasen escenas relixiosas, da vida cotiá ou decorasen con motivos vexetais os edificios.




Rosetón da Catedral de Reims (Francia).

4. Obras importantes que reconocer



*Catedral de Notre
Dame (París, s. XIII)*



*Catedral de Burgos
(Burgos, s. XIII)*



Catedral de Tui
(Pontevedra, s. XIII)

O bico de Xudas. Autor: **Giotto** (Italia, s. XIV)



Anxo do sorriso. Catedral
de Reims (Francia, s. XIII)

